

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS PAIS NO CONSELLO ESCOLAR

Infórmase a pais/nais/titores legais que está en marcha o proceso para a renovación parcial do Consello Escolar do Centro. Os seguintes artigos son os que se refiren á renovación dos representantes de pais/nais/titores legais no Consello Escolar, e que, neste caso, fíxaríanse en dous, pero dado que os representantes que tiñan que estar aínda no Consello Escolar marcharon porque os seus fillos xa non están no colexio, acollémonos ao artigo 55 do Decreto 92/1988 do 28 de abril, polo que serían 3 os membros a elixir.

Decretos 92/1988, modificado polo Decreto 279/1990, 324/1996 e 374/1996, 7/1999 e resolución do 10 de setembro de 2024 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que regulan os órganos de goberno dos centros de ensino non universitario.

O **censo de pais** está exposto no taboleiro de anuncios no interior do Colexio. Ata o día 6 de novembro estará aberto o prazo de reclamacións a este Censo. **O prazo de presentación de candidaturas estará aberto entre o 1 de novembro (ás 9:30) e o 8 de novembro (ás 14,30 horas). A data fixada para a elección é o mércores 20 de novembro, desde as 9,30 ata as 14,30 horas, no Ceip Manuel Fraga Iribarne. A Xunta Electoral, (directora, un/ha mestre/a, un pai/nai/titor/a legal e un representante do PAS), será elixida en sorteo público o martes día 18 de outubro no salón Manuel Murguía.**

N O R M A T I V A

A representación de pais/nais/titores legais no Consello Escolar correspondentes a estes ou aos representantes legais do alumnado, independentemente do número de fillos escolarizados no Centro. O dereito a ser elixido corresponde ao pai e á nai, ou, se é o caso, aos titores legais.

A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola **Xunta Electoral**. A este efecto constituirase unha mesa integrada pola directora do Centro, que actuará como Presidenta, e catro pais /nais ou titores legais, designados por sorteo entre os que se presenten como candidatos, actuando como secretario o de menor idade. A Xunta Electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo. **A mesa electoral** encargarse de presidir a votación, conservar a orde, velar pola pureza do sufraxio e realizar o escrutinio.

A elección producirase entre os candidatos admitidos e proclamados como tales pola Xunta Electoral. Poderán actuar como supervisores da votación os pais ou titores propostos pola Asociación de pais de Alumnos ou avalados para iso pola sinatura de dez electores.

O Censo Electoral deberá expoñerse no taboleiro de anuncios do Centro con dez días, polo menos, de anticipación á data fixada para o acto electoral, para a comprobación e posible reclamación de pais ou titores legais do alumnado.

O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector, que acreditará a súa identidade mediante presentación do DNI ou calquera outro documento acreditativo da mesma, fará constar na súa papeleta un máximo de un nome.

Cariño, 11 de outubro de 2024

A PRESIDENTA DA XUNTA ELECTORAL.-

Asdo. M.^a Pilar Lorenzo Gómez

SRES/AS PAIS/NAIS OU TITORES LEGAIS DOS/AS ALUMNOS/AS DO CEIP MANUEL FRAGA IRIBARNE - CARIÑO.-